

IES. XUNQUEIRA I
Pontevedra
Departamento de Grego

PROGRAMACIÓN DE

GREGO

Curso 2012-2013

ÍNDICE	PÁX
INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN-----	1
OBXECTIVOS XERAIS-----	3
PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS- -	3
1º BACHARELATO	
OBXECTIVOS -----	5
METODOLOXÍA -----	5
CONTIDOS	
Contidos comúns -----	7
A lingua grega-----	7
Os textos gregos e a súa interpretación-----	7
O léxico grego e asúa evolución-----	7
Grecia e o seu legado-----	8
CONTIDOS MÍNIMOS -----	8
TEMPORALIZACIÓN: LIBRO DE TEXTO -----	8
SECUENCIACIÓN	
Unidade 1	
Obxectivos-----	10
Procedementos-----	12
Actitudes-----	13
Criterios de avaliación-----	14
Unidade 2	
Obxectivos-----	15
Procedementos-----	17

Actitudes-----	18
Criterios de evaluación-----	19
Unidad 3	
Objetivos-----	20
Procedimientos-----	21
Actitudes-----	23
Criterios de evaluación-----	24
Unidad 4	
Objetivos-----	25
Procedimientos-----	27
Actitudes-----	28
Criterios de evaluación-----	30
Unidad 5	
Objetivos-----	31
Procedimientos-----	32
Actitudes-----	34
Criterios de evaluación-----	35
Unidad 6	
Objetivos-----	36
Procedimientos-----	38
Actitudes-----	40
Criterios de evaluación-----	41
Unidad 7	
Objetivos-----	43
Procedimientos-----	44
Actitudes-----	46

Criterios de evaluación-----	47
Unidad 8	
Objetivos-----	49
Procedimientos-----	50
Actitudes-----	52
Criterios de evaluación-----	53
Unidad 9	
Objetivos-----	54
Procedimientos-----	57
Actitudes-----	59
Criterios de evaluación-----	60
Unidad 10	
Objetivos-----	62
Procedimientos-----	63
Actitudes-----	65
Criterios de evaluación-----	66
Unidad 11	
Objetivos-----	68
Procedimientos-----	69
Actitudes-----	71
Criterios de evaluación-----	72
Unidad 12	
Objetivos-----	73
Procedimientos-----	74
Actitudes-----	76
Criterios de evaluación-----	77

CRITERIOS DE AVALIACIÓN -----	78
CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN. -----	80
MATERIAIS E RECURSOS -----	80

2º BACHARELATO

INTRODUCCIÓN -----	81
METODOLOXÍA -----	81
A lingua grega-----	82
A interpretación dos textos-----	82
O léxico grego e a súa evolución-----	83
A literatura grega-----	83
Grecia e o seu legado-----	83
CONTIDOS	
Contidos comúns -----	84
A lingua grega-----	84
Os textos gregos e a súa interpretación-----	85
O léxico grego e a súa evolución-----	85
Grecia e o seu legado-----	85
CONTIDOS MÍNIMOS -----	85
TEMPORALIZACIÓN -----	86
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN -----	87
CRITERIOS DE AVALIACIÓN -----	88
MATERIAIS E RECURSOS -----	91
RECUPERACIÓN DE ALUMNOS DE 2º CURSO DE BACHARELATO COA ASIGNATURA DE GREGO DE 1º NON SUPERADA -----	92
ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO DA MATERIA PENDENTE -----	93

CON CARÁCTER XERAL

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS-----	95
ACTIVIDADES DE REFORZO-----	96
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE-----	97
A AVALIACIÓN CUALIFICADORA-----	99
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES-----	101
PROXECTO LECTOR-----	101
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA-----	101
APORTACIÓN DA MATERIA Á UTILIZACIÓN DAS TIC-----	103
OS TEMAS TRANSVERSAIS NA ENSINANZA DO GREGO	103
Educación moral e cívica-----	103
Educación para a paz-----	103
Educación para a igualdade de oportunidades entre as persoas de distinto sexo-----	103
Educación ambiental-----	104
Educación para a saúde e a educación sexual-----	104
Educación do consumidor-----	104
PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN-----	105

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A nosa civilización é froito dunha longa tradición que inclúe herdanzas de pobos e culturas moi diversos. Pero, por formar parte da cultura occidental, ten unha débeda esencial -no senso estrito do termo- coa cultura grega.

Parece evidente que o xeito máis práctico e máis formativo estudio de achegarse á Grecia antiga é a través do estudo da súa lingua. Isto quere dicir que a aprendizaxe da lingua é un obxectivo en si mesmo, pero é, tamén, e sobre todo, un instrumento para introducir ós alumnos no coñecemento do mundo clásico.

Os contidos propostos para grego I e II céntranse en dous grandes ámbitos, a lingua e a cultura, distribuídos en catro bloques:

Estudio progresivo das características da **lingua grega**. A adquisición dunha competencia lingüística demanda a utilización dunha metodoloxía progresiva en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e en que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase. O feito de traballar con textos orixinais obrigará, tamén, a explicar ás veces formas nominais, verbais ou estruturas sintácticas estrañas ou inusitadas. Abondará nestes casos cunha explicación breve que axude á resolución da actividade en que aparezan.

Comprensión e interpretación de **textos gregos**. Os textos, obxecto principal da materia, seleccionaranse entre autores de diferentes épocas e xéneros literarios, presentándoos tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións. O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo aos textos orixinais. A práctica da tradución de textos gregos debe contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas lingüísticas de ambas as linguas.

Estudio do **léxico grego** e a súa continuidade en galego, castelán e outras linguas modernas. O estudo e aprendizaxe do léxico constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, ao mesmo tempo que contribúe a enriquecer o vocabulario, mostrar os mecanismos de formación de palabras e valorar a transcendencia do préstamo lingüístico como parte do legado cultural achegado polo pensamento grego.

A aproximación a **Grecia** e ao seu **legado** debe facerse cun enfoque global e vinculado á aprendizaxe da lingua. Centrará a súa análise no antropocentrismo e androcentrismo grego para intentar comprender a mentalidade e a dimensión social e individual do home grego a través da súa proxección nas institucións, na arte e na literatura na Grecia antiga e valorar a tradición clásica e a súa continuidade nas sociedades actuais. Por outra banda, o estudio da cultura e civilización gregas facilitaralle ao alumnado as claves necesarias para situarse no contexto literario, histórico e artístico adecuado. Preténdese que se interese por coñecer as orixes da nosa cultura e que analice e valore dunha forma crítica as realidades do mundo contemporáneo e os antecedentes e factores que inflúen nel. A historia do pensamento en Grecia formula moitas das interrogantes do ser humano, que forman parte do noso acervo e serven como guía de desenvolvemento do pensamento occidental. Ademais, permite comprender os elementos fundamentais da investigación e das metodoloxías científicas.

O desenvolvemento destes contidos ha ter unha aplicación esencialmente práctica orientada tanto á competencia lingüística en grego coma a un coñecemento crítico da Grecia antiga.

Ao primeiro curso corresponde a asimilación dos contidos básicos de lingua e de cultura. Ao segundo, a súa consolidación e ampliación, cun tratamento específico da literatura, os xéneros e os autores e autoras, que contribúa a profundar nas raíces gregas da nosa cultura.

OBXECTIVOS XERAIS:

1. Iniciarse na comprensión, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando para este fin o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega.
2. Reflexionar sobre o léxico de orixe grega presente na linguaxe cotiá e na terminoloxía científica, identificando étimos, prefixos e sufixos gregos que axuden a unha mellor comprensión das linguas modernas.
3. Ler textos gregos tanto orixinais como adaptados ou traducidos, efectuando unha lectura comprensiva e crítica, aprehendendo as características principais e delimitando o xénero literario a que pertencen.
4. Coñecer, na medida en que sexa posible, as máis importantes manifestacións culturais da Grecia antiga e recoñecer e valorar a súa contribución e continuidade ao longo da historia no mundo actual.
5. Utilizar de maneira crítica fontes de información variadas, obtendo delas datos relevantes para o coñecemento da lingua e a cultura estudadas.

PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑOCEMENTOS PREVIOS

No Primeiro curso de Bacharelato non é moi fácil valorar os coñecementos previos que o alumno ten dos contidos de lingua grega, xa que é a primeira vez que se enfreta a esta materia. De todos xeitos pódense valorar os coñecementos que os alumnos teñen de outras linguas indoeuropeas, morfoloxía nominal e verbal, sintaxe, fonética, e en xeral os coñecementos gramaticais que os alumnos teñen das linguas que estudaron.

Para acreditar o nivel do que parten os alumnos tanto en primeiro como en segundo curso presentáremoslles ós alumnos unha serie de tarefas ou cuestións que se consideren representativas dos contidos a valorar.

Existe unha ampla posibilidade para elaborar e realizar este tipo de probas, cada unha delas con ventaxas e inconvenientes, polo que é necesario seleccionar as probas en función da capacidade que se desexa avaliar, e combinalas entre sí para poder obter unha información máis válida:

- **Probas de composición:** encamiñadas a pedir que os alumnos organicen, seleccionen e expresen as ideas esenciais dos temas a tratar.

- **Preguntas de resposta corta:** nelas o alumno debe aportar unha información moi concreta e específica de cuestións de certa relevancia.
- **Preguntas de texto incompleto:** as respostas quedan intercaladas no texto que se lles presenta ós alumnos.
- **Preguntas de correspondencia ou emparellamento:** preséntanse dúas listas, A e B, con palabras ou frases breves dispostas verticalmente para que os alumnos establezan as relacións que consideren adecuadas entre cada palabra da columna A coa correspondente da columna B, argumentando a relación establecida entre as mesmas.
- **Preguntas de opción múltiple:** constan dun tronco ou base no que se fundamenta a cuestión, e un número indeterminado de respostas opcionais das que só unha é a acertada.
- **Preguntas de verdadeiro ou falso:** válidas para medir a capacidade de distinción entre feitos e opinións ou para mellorar a exactitude nas observacións, argumentando a resposta elexida.
- **Preguntas de analoxía/diferenzas:** serven para establecer clasificacións ou características entre feitos, accións... Trabállase sobre todo na comprensión e o razoamento.

1º DE BACHARELATO

OBXECTIVOS

Esta materia debe contribuir a que o alumnado desenrole as seguintes capacidades:

- Coñecer e utilizar os fundamentos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega, e comprender o seu funcionamento en textos sinxelos de complexidade progresiva para a súa interpretación e tradución.
- Dominar mellor o léxico científico e técnico das linguas galega e castelá a partir do coñecemento do vocabulario grego.
- Adestrarse en técnicas sinxelas de análise filolóxica mediante a reflexión sobre as unidades lingüísticas e as estruturas gramaticais das distintas linguas estudadas polos alumnos e alumnas, particularmente da propia, así como o manexo e comentario de textos diversos.
- Introducirse nun coñecemento xeral dos distintos xéneros literarios, fundamentalmente a partir de textos.
- Aproximarse ó mundo histórico, cultural, relixioso, político filosófico, científico, etc., da antigüidade grega a través da súa lingua, da súa literatura e de outras manifestacións artísticas.
- Recoñecer e valorar os factores culturais herdados dos gregos que se convertiron en patrimonio universal.

METODOLOXÍA

Os principios básicos que deben estar presentes no proceso de ensinanza-aprendizaxe de cada unidade didáctica son os seguintes:

- Selección de textos accesibles ó nivel dos alumnos. A práctica será, pois, graduada – é decir, acorde cos coñecementos do alumno e alumna-, **suxestiva** – polo seu contido e realción co tema tratado na unidade-, **continuada** – para que resulte eficaz- e **controlada** –baixo a dirección e orientación do profesorado.

- A correcta interpretación dun fragmento implicará a súa contextualización, a análise dos aspectos gramaticais que en él aparecen e a captación e comentario da mensaxe que en él aparece.
- Dada a dificultade de presentar textos orixinais para a transmisión de tódolos conceptos culturais da unidade, recurrirase tamén á lectura de fragmentos traducidos de autores gregos.
- O comentario de texto irá, sempre que se considere adecuado, acompañado de material audiovisual: mapas, gráficos, vídeos, etc.
- O estudo dos aspectos lingüísticos e culturais debe ser simultáneo.
- A asimilación dos contidos lingüísticos e culturais terá o dobre obxectivo de comprender a sociedade e a cultura grega grega e coñecer a súa pervivencia no mundo occidental.

A aplicación metodolóxica práctica a cada tema contará con actividades de introducción, de desenrolo, de síntesis, de consolidación, de recuperación e de avaliación.

Polo se especial interese, detállanse como actividades de desenrolo as seguintes:

- Lectura e comentario de textos traducidos.
- Lectura comprensiva do texto de cultura.
- Resolución de exercicios de léxico.
- Resolución de exercicios sobre aspectos morfosintácticos e tradución de oracións con aplicación dos mesmos.
- Tradución de textos orixinais propostos, seguindo os seguintes pasos:
 - Lectura previa en voz alta, correxida polo profesor.
 - Análise do vocabulario.
 - Relacións gramaticais (aislar as oracións, recoñecer as formas gramaticais, establecer as relacións sintácticas).
 - Tradución (descubrimento nos textos traducidos da parte lingüística, cultural e léxico de interese para unidade que se está traballando).

CONTIDOS

Contidos comúns:

- A lectura, comprensión e tradución do grego clásico: a precisión na expresión en calquera lingua; a expresión dos matices.
- As relacións políticas e sociais en Grecia: orixinalidade con respecto a outras culturas anteriores ou contemporáneas; evolución posterior e influencia na sociedade occidental. Farase fincapé nas estruturas políticas, na situación da muller e da infancia, na escravitude e nas relacións económicas e militares entre as cidades-estado.
- Imbricación cultural entre Grecia e o mundo contemporáneo.
- Aproximación a outras culturas do mundo antigo.

A lingua grega:

- ✓ Do indoeuropeo ao grego moderno.
- ✓ Alfabeto grego. Pronunciación. Signos gráficos. Transcrición.
- ✓ Clases de palabras. Flexión nominal, pronominal e verbal. Paradigmas máis frecuentes.
- ✓ Valor e uso dos casos. A concordancia. As preposicións.
- ✓ Sintaxe das oracións: nexos e partículas, a oración simple, a coordinación; inicio do estudo da subordinación (construcións sinxelas de infinitivo e participio, subordinadas de relativo. Introducción ao uso das partículas subordinantes máis frecuentes).

Os textos gregos e a súa interpretación:

- ✓ Iniciación á lectura comprensiva e ás técnicas de tradución e ao comentario de textos gregos.
- ✓ Análise.
- ✓ Lectura comprensiva de obras e fragmentos traducidos.

O léxico grego e a súa evolución:

- ✓ Aprendizaxe do vocaulario grego básico en función da súa frecuencia ou da súa relevancia en galego e castelán.

- ✓ Formación de palabras. Prefixos e sufixos. Composición e derivación.
- ✓ Helenismos no vocabulario común das linguas modernas.
- ✓ Vocabulario científico e técnico.

Grecia e o seu legado:

- ✓ Xeografía da Grecia antiga. Contexto xeográfico de Grecia.
- ✓ Sinopse da historia de Grecia. Os grandes períodos.
- ✓ A polis grega: organización política e social. Etnocentrismo e androcentrismo.
- ✓ A vida cotiá.
- ✓ Relixión e mitoloxía gregas (crenzas, ritos, mitos máis importantes, incluíndo a súa continuidade e importancia nas manifestacións culturais do mundo occidental).
- ✓ Literatura grega: xéneros, autoras e autores principais.
- ✓ Pensamento; a ciencia. A arte grega.

CONTIDOS MÍNIMOS

O alumnado deberá dominar, polo menos, os seguintes contidos:

- 1) Principais deuses olímpicos e heroes gregos.
- 2) Marco xeográfico, histórico e cultural da Grecia antiga.
- 3) O alfabeto.
- 4) As tres declinacións.
- 5) O adxectivo. Comparativos e superlativos.
- 6) Os pronomes gregos máis comúns.
- 7) As principais preposicións.
- 8) O verbo εἶμι e λυω

TEMPORALIZACIÓN: LIBRO DE TEXTO.

En principio non imos establecer un libro de texto definitivo, aínda que si esixiremos ter un que dispoña de esquemas morfolóxicos e un vocabulario; recomendaremos o da editorial Baía. Neste primeiro curso non usaremos diccionario. Á hora de

secuenciar as distintas unidades didácticas imos seguir basicamente o libro da ed. Baía, da seguinte maneira:

Lingua	1º trimestre	Unidades 1-4
	2º trimestre	Unidades 5-8.
	3º trimestre	Unidades 9-12.
Cultura	1º trimestre	Unidades 1-4 e apuntes
	2º trimestre	Unidades 5-8 e apuntes
	3º trimestre	Unidades 9-12 e apuntes
Léxico	Seguiremos máis ou menos o ritmo do libro, coas correspondentes referencias ó castelán, que o libro non aporta.	
Textos	A diario, os exercicios que ofrece o libro de Baía e outros que se lle entregarán en fotocopia.	

SECUENCIACIÓN.

Unidade 1. O amor (Ἔρως)

I. O amor (Ἔρως)

Eros. Persistencia do mito

II. A lingua grega

1. O indoeuropeo
2. Breve historia da lingua grega
3. O alfabeto
4. Signos de acentuación e puntuación
5. Clasificación dos fonemas
6. Transcrición

III. Viaxe a Grecia: Ἑλλάς

Obxectivos:

- Coñecer e comprender os elementos que integran o mundo relixioso grego.
- Diferenciar os aspectos que distinguen relixión e mitoloxía.
- Comprender a importancia dos mitos no mundo grego como intento de explicación dos feitos reais e problemas universais.
- Iniciar un coñecemento do mundo relixioso grego partindo da orixe dos deuses.
- Estudiar a figura do deus Ἔρως: a súa orixe e os mitos máis coñecidos.
- Estudiar o mito de Eros e Psique.
- Comprender a incidencia deste deus na arte plástica e literaria, xa que os deuses e heroes son os seus principais protagonistas.
- Coñecer ós deuses e heroes máis representativos, para comprender mellor o feito cultural grego.

- Entender a función dos deuses e heroes no mundo grego e comprender a súa pervivencia en toda a cultura occidental.
- Coñecer a lingua grega.
- Comprobar a importancia lingüística do indoeuropeo como tronco orixinario da meirande partedas linguas faladas en Europa.
- Coñecer o alfabeto grego.
- Aprender o sistema fonolóxico grego, os fonemas vocálicos, consonánticos e soantes.
- Adquirir a capacidade de ler con fluidez e escribir correctamente en grego.
- Comprender a distribución do espírito e dos distintos tipos de acento: agudo, grave e circunflexo.
- Entender a utilización dos signos ortográficos propios da lingua grega: punto alto, punto e coma, elisión, aférese e crase.
- Emprender o coñecemento do léxico grego e os recursos para a formación de palabras.
- Comprobar a presenza de termos gregos na súa propia lingua, coñecendo o principio de transliteración e transcripción.
- Valorar a lingua grega como expresión da creación dos conceptos do pensamento do mundo científico e cultural.
- Coñecer o espacio e as características das rexións nas que xurdiu e se desenrolou a historia de Grecia e a súa cultura.
- Reflexionar sobre a importancia da situación xeográfica de Grecia, encrucillada entre Oriente e Occidente, así como da presenza determinante do mar.
- Ser consciente da relación que existe entre a situación xeográfica e as actuacións dos pobos.
- Comprender a importancia da pluralidade de xentes e lugares que forman a unidade do concepto “Helénico”.

- Situar no tempo e no espacio os acontecementos históricos máis representativos da historia de Grecia, identificando as súas manifestacións culturais básicas.

Procedementos:

- Realización das actividades de cada un dos apartados
- Elaboración de esquemas a partir dos datos proporcionados
- Búsqueda e consulta de información en diversas fontes.
- Estudio das características da relixión grega e dos deuses olímpicos máis representativos
- Elaborar un esquema xenealóxico do deus ' Ἡρακλῆς e distinguir seus atributos.
- Comparación de esta divindade coa correspondente romana e verificación da súa pervivenza no mundo actual.
- Búsqueda e consulta de información en diversas fontes sobre este deus.
- Realización dun traballo sobre a importancia de ' Ἡρακλῆς nas manifestacións artísticas gregas.
- Lectura crítica de textos: Safo, Mosco de Siracusa, Apuleio, Sófocles.
- Vocabulario presente en galego e castelán.
- Localización en mapas das distintas áreas lingüísticas, especificamente as da familia indoeuropea.
- Comparación do léxico de algunhas linguas indoeuropeas.
- Práctica de lectura e escritura a partir de textos propostos en lingua grega.
- Aplicación das regras de acentuación e puntuación gregas.
- Búsqueda de palabras de orixe grego en textos galegos e casteláns.
- Realización dun mapa sinalando os lugares máis destacados da historia de Grecia.
- Ordenación e relación cronolóxica dos feitos e personaxes importantes na vida cultural grega.
- Búsqueda e consulta de información en diversas fontes.

- Elaboración dun traballo sobre a época arcaica grega, como pulo desencadéante do esplendor cultural posterior.
- Lectura crítica de textos.

Actitudes

- Reflexionar sobre o feito relixioso e a mitoloxía.
- Curiosidade por coñecer os principais deuses do panteón olímpico en xeral, e o deus Ἡρακλῆς en particular.
- Interese por comprender as figuras dos heroes gregos
- Afán por afondar noutros cultos non oficiais ou místicos e outras divindades que se difundiron en Grecia na época helenística.
- Ser conscientes da pervivencia da relixión grega no noso mundo contemporáneo.
- Reflexionar sobre a importancia da lingua como reflexo da historia do home.
- Interese por coñecer a orixe das linguas, en especial polas indoeuropeas.
- Curiosidade por comprender a lingua e a cultura grega.
- Interese pola fonética e a prosodia en xeral, e polas gregas en particular.
- Curiosidade por coñecer a correcta pronunciación da lingua grega.
- Motivación e rigor para utilizar correctamente os fonemas e os signos ortográficos practicando a lectura e escritura de textos gregos.
- Ser conscientes da importancia da lingua grega como lingua de cultura na conformación da mentalidade occidental.
- Reflexión sobre a importancia da civilización grega como base da historia europea occidental.
- Interese por coñecer a orixe e a evolución da historia de Grecia, desde o período minoico hasta a época helenística.
- Curiosidade por comprender a determinación dos aspectos xeográficos, culturais ou etnográficos no devecer dos feitos históricos.

Criterios de avaliación

- Distinguir o concepto de relixión e mito

- Aprender a importancia de ' Ήρωες dentro das divindades máis destacadas do panteón olímpico.
- Coñecer as características deste deus a a súa pervivencia na arte e na cultura actual.
- Recoñecer a influencia da relixión grega.
- Coñecer a orixe e as características da familia lingüística indoeuropea.
- Identificar cada unha das linguas que forman os grupos da familia indoeuropea.
- Diferenciar as linguas indoeuropeas de 1ª e 2ª xeración.
- Comparar o léxico das linguas indoeuropeas do grupo grego có do grupo itálico.
- Afondar na pegada lingüística do grego nas nosas linguas.
- Aprender as características fundamentais do sistema fonolóxico grego.
- Recoñecer a clasificación dos fonemas do sistema vocálico e do sistema consonántico gregos.
- Saber o alfabeto grego.
- Identificar as peculiaridades da pronunciación grega.
- Diferenciar os tipos de acentos da lingua grega.
- Aprender os aspectos básicos da puntuación e da ortografía grega.
- Identificar as raíces gregas máis habituais co léxico galego e castelán, e nas linguas europeas coñecidas polos alumnos.
- Coñece-las características das zonas xeográficas nas que xurdiu e se desenrolou a historia de Grecia e a súa cultura.
- Aprender as etapas e os acontecementos históricos máis destacados da historia de Grecia, identificando a súas manifestacións culturais básicas como pegada na nosa civilización.
- Identificar a importancia de feitos históricos que se produciron en Grecia, como a aparición do alfabeto ou a promulgación das leis.

Unidade 2. O mar (θαλάσσια)

I- O mar (θαλάσσια)

Poseidón. Persistencia do mito

II- Sistema nominal

- 1- Valor e uso dos casos (I)
- 2- O artigo
- 3- Os temas en $-\alpha$ (1ª declinación)
- 4- Os temas en $-o$ (2ª declinación)

III- Sistema verbal

O presente de indicativo activo de εἶμι e λυω

IV- Viaxe a Grecia: Creta.

Obxectivos:

- Coñecer e comprender os elementos que integran o mundo relixioso grego.
- Diferenciar os aspectos que distinguen relixión e mitoloxía.
- Comprender a importancia dos mitos no mundo grego como intento de explicación dos feitos reais e problemas universais.
- Iniciar un coñecemento do mundo relixioso grego partindo da orixe dos deuses.
- Estudiar a figura do deus Ποσειδών: a súa orixe e os mitos máis coñecidos.
- Estudiar o mito da loita entre Poseidón e Atenea
- Comprender a incidencia deste deus na arte plástica e literaria, xa que os deuses e heroes son os seus principais protagonistas.
- Coñecer ós deuses e heroes máis representativos, para comprender mellor o feito cultural grego.
- Entender a función dos deuses e heroes no mundo grego e comprender a súa pervivencia en toda a cultura occidental.
- Coñecer as categorías gramaticais da lingua grega e relacionalas coas da propia lingua, observando as coincidencias e diferencias.

- Comprender o concepto de caso insistindo na súa estreita relación coa función.
- Iniciar ós alumnos na estrutura da flexión nominamWe verbal.
- Iniciar unha organización e clasificación da lingua grega.
- Coñecer a orixe e a función do artigo.
- Afondar no concepto de organización da flexión nominal co estudio dos temas en $-\alpha/-\eta$
- Coñecer o concepto de flexión temática en $-\theta$.
- Recordar a importancia do léxico, incorporando novos sufixos para a formación de palabras.
- Coñecer o espacio e as características das rexións nas que xurdiu e se desenrolou a historia de Grecia e a súa cultura.
- Reflexionar sobre a importancia da situación xeográfica de Creta, así como da presenza determinante do mar.
- Ser consciente da relación que existe entre a situación xeográfica e as actuacións dos pobos.
- Situar no tempo e no espacio os acontecementos históricos máis representativos da historia de Creta, identificando as súas manifestacións culturais básicas: palacios, frescos, cerámica, divindades, escritura...
- Coñecer e valorar a figura de Minos como rei que conseguiu e impulsou toda esta cultura.
- Reflexionar sobre o mito do Minotauro como base para a explicación da historia de Grecia na época minoica.

Procedementos:

- Realización das actividades de cada un dos apartados
- Elaboración de esquemas a partir dos datos proporcionados
- Búsqueda e consulta de información en diversas fontes.
- Estudio das características da relixión grega e dos deuses olímpicos máis representativos

- Elaborar un esquema xenealóxico do deus Ποσειδῶν e distinguir seus atributos.
- Comparación de esta divindade coa correspondente romana e verificación da súa pervivenza no mundo actual.
- Búsqueda e consulta de información en diversas fontes sobre este deus.
- Realización dun traballo sobre o reflexo de Ποσειδῶν nas manifestacións artísticas gregas.
- Lectura crítica de textos: Hesíodo, Luciano de Samosata, Aristófanes.
- Vocabulario presente en galego e castelán.
- Declinar algún substantivo xunto ó seu artigo correspondente.
- Traducción de oracións sinxelas nas que se poña en práctica o estudiado.
- Cambiar de número algunhas oracións, para practicar e axilizar o uso dos casos e o verbo, sempre en presente.
- Elaboración duna lista de palabras en diferentes casos, para analizar e buscar o Nominativo de singular.
- Busca de palabras de orixe grego en textos galegos e casteláns propostos.
- Busca e análise de sufixos gregos presentes na formación de palabras.
- Realización dun mapa sinalando os lugares máis destacados da illa de Creta.
- Ordenación e relación cronolóxica dos feitos e personaxes importantes da época minoica.
- Búsqueda e consulta de información en diversas fontes.
- Elaboración dun traballo sobre a época minoica grega, como pulo desencadéante do esplendor cultural posterior.
- Lectura crítica de textos.

Actitudes

- Reflexionar sobre o feito relixioso e a mitoloxía.
- Curiosidade por coñecer os principais deuses do panteón olímpico en xeral, e o deus Ποσειδῶν en particular.

- Interese por comprender as figuras dos heroes gregos
- Afán por afondar noutros cultos non oficiais ou mistéricos e outras divindades que se difundiron en Grecia na época helenística.
- Ser conscientes da pervivencia da relixión grega no noso mundo contemporáneo.
- Interese por coñecer a morfoloxía grega en xeral e os temas en $-\alpha/-\eta$, $-o$ en particular.
- Curiosidade por entender a utilización dos artigos en grego.
- Afán por profundizar na morfoloxía verbal grega a través do estudio do presente dos verbos temáticos e o verbo εἶμι.
- Curiosidade polos procedementos de formación de palabras e pola herdanza etimolóxica que deixou a lingua grega no galego e no castelán.
- Afán por profundizar no coñecemento e por mellorar o uso da propia lingua.
- Adoptar unha actitude de repeto e valoración das diferentes linguas en xeral.
- Ser conscientes da importancia da lingua grega como lingua de cultura na conformación da mentalidade occidental.
- Reflexión sobre a importancia da civilización grega como base da historia europea occidental.
- Interese por coñecer a orixe e a evolución da historia de Grecia, desde o período minoico hasta a época helenística.
- Curiosidade por comprender a determinación dos aspectos xeográficos, culturais ou etnográficos no devecer dos feitos históricos.

Crterios de avaliación

- Aprender a importancia de Ποσειδῶν dentro das divindades máis destacadas do panteón olímpico.
- Coñecer as características deste deus a a súa pervivencia na arte e na cultura actual.
- Recoñecer a influencia da relixión grega.

- Aprender as características fundamentais da morfoloxía grega
- Recoñecer a distribución de categorías morfolóxicas según pertenczan á flexión nominal ou á flexión verbal.
- Aprender os aspectos fundamentais do artigo en grego.
- Describir as funcións dos casos.
- Asimilar a flexión dos temas en $-\alpha/-\eta$.
- Asimilar a flexión dos temas en $-o$.
- Recoñecer a distribución das categorías morfolóxicas según pertenczan á flexión nominal ou á flexión verbal.
- Asimilar a formación do presente dos verbos temáticos.
- Comprender a utilización de sufixos gregos para a formación de palabras por derivación.
- Identificar as raíces gregas máis habituais no léxico galego e castelán e en outras linguas europeas coñecidas polos alumnos.
- Coñece-las características das zonas xeográficas nas que xurdiu e se desenrolou a historia de Grecia e a súa cultura.
- Aprender as etapas e os acontecementos históricos máis destacados da historia de Grecia na época minoica, identificando a súas manifestacións culturais básicas como pegada na nosa civilización.
- Identificar a importancia de feitos históricos que se produciron en Grecia na época minoica.

Unidade 3. A morte ($\theta\alpha\nu\alpha\tau\omicron\varsigma$)

- A morte ($\theta\alpha\nu\alpha\tau\omicron\varsigma$)

Hades. Persistencia do mito

- sistema nominal

1- O adxectivo (primeira clase)

2- Os pronomes (I): demostrativos

3- As oracións nominais.

- As preposicións

IV- Sistema verbal

- 1- Futuro indicativo activo: λυ□ω
- 2- Imperfecto indicativo activo: λυ□ω e εἶμι□.
- 3- Aoristo indicativo activo: λυ□ω.
- 4- Perfecto e pluscuamperfecto de indicativo activo: λυ□ω

V- Viaxe a Grecia: Micenas

Obxectivos:

- Coñecer e comprender os elementos que integran o mundo relixioso grego.
- Diferenciar os aspectos que distinguen relixión e mitoloxía.
- Comprender a importancia dos mitos no mundo grego como intento de explicación dos feitos reais e problemas universais.
- Iniciar un coñecemento do mundo relixioso grego partindo da orixe dos deuses.
- Estudiar a figura do deus ' □Αἰδης : a súa orixe e os mitos máis coñecidos.
- Comprender a incidencia deste deus na arte plástica e literaria, xa que os deuses e heroes son os seus principais protagonistas.
- Coñecer ós deuses e heroes máis representativos, para comprender mellor o feito cultural grego.
- Entender a función dos deuses e heroes no mundo grego e comprender a súa pervivencia en toda a cultura occidental.
- Estudiar o mundo dos mortos, o mundo subterráneo, na cultura grega
- Coñecer os rituais de enterramento na sociedade grega.
- Repasar o concepto de xénero gramatical e a súa expresión formal.
- Recordar a utilización do artigo.
- Comprender a formación dos adxectivos gregos de tres terminacións.
- Recoñecer e sistematizar o estudio morfosintáctico da flexión pronominal.

- Coñecer a orixe do uso e as formas dos demostrativos.
- Recoñecer e sistematizar o estudio morfosintáctico da flexión pronominal.
- Coñecer os recursos para expresar os tempos do modo indicativo.
- Lembrar a importancia do léxico, incorporando novos sufixos para a formación de palabras.
- Ampliar os coñecementos de sintaxe co estudio da frase nominal.
- Coñecer o espazo e as características das rexións nas que xurdiu e se desenrolou a historia de Grecia e a súa cultura.
- Reflexionar sobre a importancia da situación xeográfica de Micenas
- Ser consciente da relación que existe entre a situación xeográfica e as actuacións dos pobos.
- Comprender a importancia da pluralidade de xentes e lugares que forman a unidade do concepto “Helénico”.
- Situar no tempo e no espazo os acontecementos históricos máis representativos da época micénica, identificando as súas manifestacións culturais básicas.
- Coñecer o mito de Agamenón, a súa linaxe, descendencia, e a importancia deste rei na época micénica.

Procedementos:

- Realización das actividades de cada un dos apartados
- Elaboración de esquemas a partir dos datos proporcionados
- Busca e consulta de información en diversas fontes.
- Estudio das características da relixión grega e dos deuses olímpicos máis representativos
- Elaborar un esquema xenealóxico do deus Ἄϊδης e distinguir seus atributos.
- Comparación de esta divindade coa correspondente romana e verificación da súa pervivenza no mundo actual.
- Busca e consulta de información en diversas fontes sobre este deus.

- Realización dun traballo sobre a importancia de ἡ Ἄιδης nas manifestacións artísticas gregas.
- Comparar o mundo dos mortos na relixión grega co de outras relixións.
- Facer un estudio comparando os ritos de enterramento de esta época cos de outros pobos da época actual.
- Lectura crítica de textos: Anacreonte, Platón, Luciano de Samosata, Eurípides.
- Vocabulario presente en galego e castelán.
- Declinación simultánea de artigos, substantivos e adxectivos.
- Análise morfolóxica dos pronomes demostrativos en diferentes casos, indicando o enunciado.
- Traducción de oracións nas que se poñan en práctica os pronomes demostrativos.
- Práctica da conxugación verbal formando os tempos do modo indicativo de varios verbos.
- Análise morfolóxica de formas verbais, marcando os distintos compoñentes de cada forma verbal.
- Cambio de formas verbais entre os tempos do modo indicativo.
- Traducción de frases nas que se mostren os elementos morfosintácticos aprendidos.
- Realización dun mapa sinalando os lugares máis destacados de Grecia na época micénica.
- Ordenación e relación cronolóxica dos feitos e personaxes importantes na vida cultural grega en esta época.
- Busca e consulta de información en diversas fontes.
- Elaboración dun traballo sobre a época micénica grega, como pulo desencadéante do esplendor cultural posterior.
- Lectura crítica de textos.

Actitudes

- Reflexionar sobre o feito relixioso e a mitoloxía.
- Curiosidade por coñecer os principais deuses do panteón olímpico en xeral, e o deus Ἄδης en particular.
- Interese por comprender as figuras dos heroes gregos
- Afán por afondar noutros cultos non oficiais ou místéricos e outras divindades que se difundiron en Grecia na época helenística.
- Ser conscientes da pervivencia da relixión grega no noso mundo contemporáneo.
- Interese por coñecer o mundo dos mortos na cultura grega.
- Afán por afondar nos ritos da morte nas distintas épocas e culturas.
- Interese por coñecer a morfoloxía grega en xeral e os temas tratados en particular.
- Afán por afondar na morfoloxía verbal grega a través do estudio dos tempos do modo indicativo da voz activa.
- Motivación por analizar estruturas sintácticas da lingua grega.
- Curiosidade por coñecer os campos semánticos de orixe grega e pola herdade etimolóxica que deixou a lingua grega no galego e o castelán.
- Ser conscientes da importancia da cultura grega na conformación da mentalidade occidental.
- Reflexión sobre a importancia da civilización grega como base da historia europea occidental.
- Interese por coñecer a orixe e a evolución da historia de Grecia, analizando a época micénica.
- Curiosidade por comprender a determinación dos aspectos xeográficos, culturais ou etnográficos no devecer dos feitos históricos.
- Interese por coñecer determinados mitos e comprender a importancia que teñen na época en que xurden.

Criterios de avaliación

- Aprender a importancia de Ἄδης dentro das divindades máis destacadas do panteón olímpico.

- Coñecer as características deste deus a a súa pervivencia na arte e na cultura actual.
- Recoñecer a influencia da relixión grega.
- Coñecer as características máis importantes relacionadas coa morte e co mundo dos mortos
- Aprender as características fundamentais da morfoloxía grega.
- Repasar a utilización do artigo.
- Asimilar a formación dos adxectivos gregos de tres terminacións.
- Aprender as características morfolóxicas dos pronomes demostrativos.
- Recoñecer os valores das preposicións en grego
- Asimilar as características temporais dos distintos temas do modo indicativo da voz activa.
- Comprender a utilización de sufixos gregos para a formación de palabras por derivación.
- Identificar as raíces gregas máis habituais no léxico galego e castelán e nas linguas europeas coñecidas polos alumnos.
- Recoñecer os elementos da frase nominal.
- Coñece-las características das zonas xeográficas nas que xurdiu e se desenrolou a historia de Grecia na época micénica e a súa cultura.
- Aprender as etapas e os acontecementos históricos máis destacados da época micénica, identificando a súas manifestacións culturais básicas como pegada na nosa civilización.
- Identificar a importancia de feitos históricos que se produciron en Grecia en esta época.
- Aprender a relacionar os mitos que xurden nunha época cos acontecementos históricos de esa época.

Unidade 4. A muller (γυνή)

I- A muller (γυνή)

Afrodita. Persistencia do mito.

II- Sistema pronominal

1. Os pronomes (II): persoais e

2. Valor e uso dos casos (II)

a) O dobre acusativo

b) O dativo posesivo

III- As preposicións (II)

IV- Sistema verbal:

O infinitivo (I):

a) O infinitivo de presente activo

b) Sintaxe: o infinitivo concertado.

V- Viaxe a Grecia: Troia.

Obxectivos:

- Coñecer e comprender os elementos que integran o mundo relixioso grego.
- Diferenciar os aspectos que distinguen relixión e mitoloxía.
- Comprender a importancia dos mitos no mundo grego como intento de explicación dos feitos reais e problemas universais.
- Iniciar un coñecemento do mundo relixioso grego partindo da orixe dos deuses.
- Estudiar a figura da deusa Ἀφροδίτη : a súa orixe e os mitos máis coñecidos.
- Comprender a incidencia desta deusa na arte plástica e literaria, xa que os deuses e heroes son os seus principais protagonistas.
- Coñecer ós deuses e heroes máis representativos, para comprender mellor o feito cultural grego.
- Entender a función dos deuses e heroes no mundo grego e comprender a súa pervivencia en toda a cultura occidental.
- Coñecer o mito de Pandora.

- Coñecer a organización da vida entre os gregos, observando a diferenza entre as distintas cidades.
- Reflexionar sobre a situación e organización da vida privada, a familia e a muller.
- Coñecer a situación destacada dos pronomes persoais na lingua, como demostran as súas formas en grego e demais linguas indoeuropeas.
- Reflexionar sobre a orixe dos pronomes persoais.
- Recoñecer e sistematizar o estudo morfosintáctico da flexión pronominal.
- Insistir nas formas e funcións dos casos, estudando o dativo posesivo en esta unidade.
- Ampliar os conceptos e estruturas sintácticas, iniciando o estudo dos diferentes tipos de oración.
- Relacionar as estruturas sintácticas coas da propia lingua e con outras coñecidas, como o latín e o inglés, comprobando que a organización sintáctica é a mesma, xa que proceden de estruturas sintácticas comúns; os que cambian son os recursos propios de cada lingua.
- Coñecer o espazo e as características das rexións nas que xurdiu e se desenvolveu a historia de Grecia e a súa cultura.
- Reflexionar sobre a importancia da situación xeográfica de Troia, encrucillada entre Oriente e Occidente, así como da presenza determinante do mar.
- Ser consciente da relación que existe entre a situación xeográfica e as actuacións dos pobos.
- Comprender a importancia da pluralidade de xentes e lugares que forman a unidade do concepto “Helénico”.
- Situar no tempo e no espazo os acontecementos históricos máis representativos da historia de Grecia na etapa da Idade Escura, identificando as súas manifestacións culturais básicas.
- Coñecer as características da épica grega, estudando os autores máis representativos

